

MEDIDAS PREVENTIVAS DA PREDACIÓN DO GANDO PARA A CONVIVENCIA CO LOBO EN GALICIA (FEADER AC2021C-01)

Co estudo pretendeuse dar resposta ás necesidades das ganderías que conviven co lobo de establecer medidas preventivas contra os seus ataques. A efectividade das mesmas non fora avaliada ata o momento nun estudo con certa robustez, máis aló de estudos de caso que ofrecen pouca fiabilidade.

O dato máis relevante do proxecto é a alta efectividade de todos os peches propostos, pois o lobo non entrou na maior parte dos peches, estando estes instalados por distintas zonas ó longo de Galicia, o que elimina o posible efecto do contacto cos peches dunha soa manada ou grupo de lobos.

O custo do seu establecemento foi bastante dispar (menos de 2 € por metro no peche de malla móbil electrificada ata 14,57 € por metro no peche de malla fixa), mais tamén o é o seu custo de mantemento, pois a malla móbil haina que cambiar con regularidade, o que supón horas de traballo, mentres que nos peches fixos soamente hai que meter e sacar o gando cada vez que se queira pastar a parcela.